FUNDACION SEMANA VERDE DE GALICIA

Semana 44

# MESAS DE PREZOS SEMANA DO 27/10/2009

## PORCINO CEBADO

| EURO./KG. VIVO S/G | EUROS KG. | DIF. |
|---|---|---|
| CARNICEIRO | 1,220 | 0,00 |
| SELECTO | 0,985 | -0,02 |
| NORMAL | 0,960 | -0,02 |
| CASTRADO | 1,450 | 0,00 |
| CANAL II | 1,247 | -0,026 |
| DESVELLE | 0,68/0,74 | -0,02 |

**O cebo deixase 0,36 € en doce semanas**: A unha media de -3 céntimos por semana dende mediados do agosto, o porco cebado parece que toca fondo, ainda que todo segue a depender do que suceda ao longo da presente semana nos mercados europeos de referencia.

**Situación de mercado**: O mercado do porcino atópase presionado polo mercado da carne; o baixo consumo, a febleza do dólar respecto ao euro (perda de competencia nos mercados extracomunitarios a favor de americanos e brasileiros) anega o mercado intracomunitario cunha competencia entre países para tentar colocar a carne (vía prezos); e por se fóra pouco, as grandes cadeas comerciais entablaron unha guerra de prezos tentando conseguir cota de mercado. Así, ainda que a oferta sexa curta para o que se demanda, os prezos están presionados á baixa cada semana.

**Mercados Europeos**: Alemania baixa con forza as cotizacións (-5 céntimos), acompañado polas baixas de Bélxica, Italia e en menor medida Francia; ainda así a estabilidade de holandeses e daneses, poden facernos albiscar un troco de tendenza, algo que sería estacionalmente lóxico nestas semanas.

**Previsións:** Ainda que novembro non é estacionalmente un bo mes para o consumo, agárdase un troco de tendenza nas vindeiras semanas. A produción necesítao.

## BACORIÑOS

| PROCED | EUROS KG. | UNIDADE | DIF |
|---|---|---|---|
| ÚNICA | 1,60 | 32,00 | +2,00 |
| VARIAS | 1,35 | 27,00 | +2,00 |

**BASE 20 QUILOS SEGUNDO A PROCEDENCIA:**
**ÚNICA EXPLOTACIÓN (LOTES DE 500 OU MAÍS).**
**DE VARIAS (LOTES DE MENOS DE 500 ANIMAIS)**

**Repunte dos prezos dos bacoriños:** A suba dos prezos dos bacoriños na presente semana, pode interpretarse, se é substentable, como un troco de tendenza en todo o mercado de porcino.

Tal como se vén comentando nas últimas semanas, o desplome do cebo provocara unha apatía no mercado dos bacoriños; así ainda que a forte matanza dos últimos dous meses deixa ocos que encher, a demanda retraérase (ou mellor dito, non estaba disposta a incrementar os prezos de compra).

**Cal é o cambio na presente semana?** Principalmente que a oferta parece que pode comezar a negociar; aparte da escasa oferta, común nos últimos meses, a previsión de que o prezo do cebo tocara fondo, xunto cunha tendenza estacional á alza (nestas semanas o prezo dos leitóns comeza a flexionar á alza), e coa búsqueda de saídas distintas dos canais habituais de venda, vía cebadoiros (sacrificio en matadoiro, exportación...), deixan á demandacon menos marxe de manobra.

**Previsións de lixeiras alzas:** As cotizacións dos bacoriños deberían incrementarse nas vindeiras semanas ata tentar acadar, cando menos, os custos de produción.

## *OVOS*

| CLASE | EUROS BRANCOS | DIF. | MOUROS | DIF. |
|---|---|---|---|---|
| XL | 1,77 | 0,00 | 1,77 | 0,00 |
| L | 1,50 | 0,00 | 1,50 | 0,00 |
| M | 1,39 | 0,00 | 1,39 | 0,00 |
| S | 1,09 | 0,00 | 1,09 | 0,00 |

**Estabilidade nas cotizacións dos ovos:** O último tramo do ano soe ser unha época de certa calma no mercado do ovo; o mercado estabilízase cuns niveis de consumo normais; máis na presente semana temos **chama a atención dous datos contrapostos**: **1º Incremento das existencias** en todas as gramaxes, polo que se temos en conta que nesta época se reduce a produción, podemos dicir que o consumo se ralentizou; **2º** Como dato positivo destacan as **lixeiras subas das cotizacións de referencia no resto de Europa** sobre de todo nas gramaxes inferiores; así non se pode descartar que as cotizacións poidan moverse á alza, se ben estes movementos se antollan lixeiros.

## *GALIÑAS DE DESVELLE*

| | *EUROS* KG. | DIF |
|---|---|---|
| SEMIPESADAS 2,100 A 2,200 KGS | 0,15/0,25 | 0,00 |

**Terceira semana con estabilidade nas cotizacións:** A pesares da estabilidade das últimas tres semanas, a tendenza estacional indica que as cotizacións deberían subir dos actuais niveis daquí a que remate o ano.

A oferta é reducida (atrás quedan as reposicións estacionais lóxicas) o que fai que os prezos presionen á alza, ainda que neste ano son moi lixeiros (+7 céntimos nas sete últimas semanas).

As cotizacións permanecen nesta semana cun diferencias respecto a 2008 estables (-14 céntimos; -35,90%).

## *COELLO*

| GRANXA EN VIVO | *EUROS* KG. | DIF |
|---|---|---|
| NOVO | 1,95 € | 0,00 |

**Terceira semana en máximos anuais:** Cun calendario que apreta e cuns máximos con certo atraso e claramente inferiores aos de 2008 (as cotizacións son inferiores aos máximos de 2,12 € de 2008), pouca marxe teñen as cotizacións para variaren á alza; a nota positiva parece vir da distribución pois pese á presión que exercen sobre os matadoiros, absorvéronse cando menos en parte as últimas subas do vivo; mais a pesares de a oferta é inferior á de anos pasados o consumo segue a ser escaso, polo que todo indica a que as cotizacións poidan rexistrar baixas nas vindeiras semanas.

**CENTRAL AGROPECUARIA DE GALICIA**
Recinto feiral, s/n
36540 Silleda - Pontevedra
Telf: 986 577000 Fax: 986 580865
www.feiragalicia.com

**En colaboración coa:**

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

medio rural

| COTIZACIÓNS POXA DE GANDO DO DÍA 27/10/2009 |
|---|

Feira Internacional de Galicia

Silleda - Pontevedra

Tlfno 986-580050 / Fax 986-580162

| BECERROS RECRÍA | | TOTAL TRANSACCIÓNS | 139.590 |
|---|---|---|---|
| TOTAL ASISTENCIA | 626 | | |
| TOTAL ADXUDICADOS | 592 | | |

| RAZA FRISÓN | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| BECERROS DE 0 A 20 DÍAS | 92 | 73 |
| BECERROS DE 21 A 50 DÍAS | 104 | 82 |
| BECERROS MÁIS DE 50 DÍAS | 134 | 177 |

| RAZA CRUCES INDUSTRIAL | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| BECERROS DE 0 A 20 DÍAS | 311 | 243 |
| BECERROS DE 21 A 50 DÍAS | 382 | 291 |
| BECERROS MÁIS DE 50 DÍAS | 434 | 354 |

| RAZA RUBIA GALEGA | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| BECERROS DE 0 A 25 DÍAS | * | * |
| BECERROS DE 26 A 50 DÍAS | 456 | 303 |
| BECERROS DE 51 A 120 DÍAS | 476 | 312 |

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

| VACUNO MAIOR | | TOTAL TRANSACCIÓNS | 224.950 |
|---|---|---|---|
| TOTAL ASISTENCIA | 418 | | |
| TOTAL ADXUDICADOS | 384 | | |

| CATEGORÍA | PRECIO SEMANAL |
|---|---|
| VACAS CATEGORÍA EXTRA E - U | 1.327 |
| VACAS CATEGORÍA PRIMEIRA R | 935 |
| VACAS CATEGORÍA SEGUNDA O | 545 |
| VACAS CATEGORÍA DESFEITO P | 246 |

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

| BECERROS CARNICEIROS | | TOTAL TRANSACCIÓNS | 51.610 |
|---|---|---|---|
| TOTAL ASISTENCIA | 77 | | |
| TOTAL ADXUDICADOS | 63 | | |

| PRECIOS KG/ VIVO | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| RAZA FRISÓN | 1,28 | 1,17 |
| RAZA CRUCE INDUSTRIAL | 2,30 | 2,22 |
| RAZA RUBIA GALEGA | 2,35 | 2,27 |

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría